

Xabier Gantzarain

As coordenadas do amor

A terra carece de nome, a auga carece de nome, a pedra carece de nome. Compre poñerllo.

Nacín nun lugar onde a terra, a auga e a pedra collen o nome de Azkoitia, e comecei a nomear en euskara todo o que se pode nomear. O meu mundo era pequeno, e non tiña maior dificultade en dicir todo o que me arroteaba: a terra era Azkoitia, a auga era Urola, a pedra Izarraitz. O mundo era pequeno, e a miña fala, específica. Daquela non sabía que os meus pais empregaban verbas condeadas a morrer nos dicionarios. E non falo da lingua, senón dos sentimentos. Non falo de saudade, senón de soidade lingüística.

Non sei de lingüística, e teño a impresión, sinto ter que dicilo deste xeito, que a miña teoría só me serve para min. Salta á vista, e polo tanto non serei eu que o negue, que a lingua é parte dunha comunidade, que pertence a todos os que a coñecen, a falan, a len e a escriben. Unha lingua, de feito, serve para se comunicar, para se comunicar na comunidade. Pero, perdoade que chore, tamén serve para se incomunicar, para sentir que é o único habitante dunha incomunidade. Imposible, diredes, nós entendémolas túas verbas, somos membros dunha mesma comunidade. E sí, pertencemos á mesma comunidade, falámola mesma lingua, pero a cousa da lingua, hoxe, eiquí e para min é un asunto persoal. Tamén colectivo, por suposto, non podemos facer nada sós, mais eu son o primeiro membro de calquera comunidade.

Non é doado explicar que é a soidade lingüística, pero desenguedellando ese nobelo intestinal, o primeiro nó manchando de sangue que tiven que desamalloar é o xeito de sentila lingua. Coido que a lingua non se sinte. Non falo de amala lingua. Cada verba que lemos, ouvimos, dicimos ou escribimos bota as súas raíces, non na terra nin na auga, tampouco nesa pequena rocha que colle o nome de Izarraitz, senón no mesmo centro do noso corazón. Toda verba é consecuencia do amor, dunha relación, dun intre roubado ó esquecemento. A verba é un pólder que construímos para nos protexer do poder destructivo do tempo. E cada pólder garda no seu interior un imaxinario que chega dun pasado que no alcanzamos imaxinar.

Nun lugar onde a terra, a auga e a pedra toman o nome de fogar, eu non coñecía a verba maitasuna (amor, cariño). Endexamais escoitei os meus pais mencionala. Era unha verba rara para min. A atopaba non libros, tamén a escoitaba na radio ou na televisión, e cheguei a escribila nos exercicios de caligrafía, mais na casa, na primeira comunidade, xamais a escoitei. Na casa era maitetasuna (amor, cariño), e maitetasuna era o nome que recibía tal sentimento. A miña nai dicía, maitetasunik gabe, beste guztiak ez zuela zentzurik(1).

Cumprín vinte anos, e xa levaba un tempo importante adicado á lectura, pero seguía sen ler en ningún texto aquela verba tantas veces menciada na casa, maitetasuna. Cumprín vinte anos, e no poemario Lur bat zure minari de Jose Luis Otamendi chegou ás miñas mans. Foi entón que empezo a desfacer a soidade lingüística que sentín durante anos, e ahí comezaron a tornar, a coller senso, a renovarse, as coordenadas do meu amor (maitetasuna). A primeira parte do libro titúlase Pólderes, e o primeiro poema, Coordenadas. Alí lin por vez primeira en vinte anos a verba maitetasuna, tantas veces escoitada na casa:

Almitza hazten den lekuetan bizi gintezke
Inoren saihetseko burdinen artean sartu eta itotakoei arnasa nola hozten zaien ikasi
Ibaiko sunda dute begiok eskuok urriko zeru bat bezala aldatzen gara
Berariaz dagoz aireportuak gugandik hain urrin laino itsuaz haruntzago
Ibaiko sunda du saminak ere, ibaitu egiten da oroimena zauriak ibaitu
Eta bakeak urpetu gabeko lurrotan elkar maitatzera egiten dugu
Alboan zaitudan egiaztatu koordinadak berritu
Eta atzokoan loak non lotu gintuen idazten dut
Idazten dizut jakitearren arrotz ez garen lekuan atzerritar garen
Urondoan pausatu garen ore a lotan bezala ala abantean igaro gehiengoz bozkatu galernen
peko
Erbeste ederra dateke zure bihotza urre gorrizko kaserna

Baina lurmendatu ezinezko talaiak ditu gure maitetasunak
Baimendu gabeko eremuak agora ekartzeko gaitzak diren izenak
Haitzen gandorak bezalakoak jitoak daramanarentzat
Orduan libre ez garela aitortzen diogu elkarri
Zerbait hiltzen zaigula barruan eta bizi ez gintezkeen herriak habitatzten ditugu

Poderíamos vivir onde medra o amaranto
Entrar polos barrotes das costelas de outro e aprender como se lles xea o alento ós afogados
Estos ollos estas mans cheiran a humidade como un ceo de outubro deste xeito variamos
Os aeroportos agóchanse lonxe de nós máis alá da cega brétema
Ata o sufrimento fede a orballo, faise regato a lembranza a ferida regato
E xogamos a amármonos nestas terras que a paz aínda non alagou
Comprobo que segues á miña beira renovo as coordenadas
E escriboche dende onde nos buscou onte o sono
Escriboche para saber si somos estranxeiros onde non somos alleos
Si como o bulleiro ficamos no fondo do leite ou seguimos a toda presa
baixo a galerna elixida pola maioría absoluta
Que fermoso exilio o teu corazón vouta de reluciente ouro
Pero o noso cariño ten atalaias indestructibles
Zonas non autorizadas nomes difíciles de articular
Cristas de rocha para as vítimas da deriva
É entón cando confesamos que non somos ceibes
Que algo se nos morre moi dentro e habitamos países nos que non poderíamos vivir

Certo, pouco ou nada ten que ver a lingüística coa literatura, e os argumentos lingüísticos tampouco serven para vulgar un libro; cantas veces escoitamos que tal ou cal escritor manexa unha linguaxe rica, fecunda e elegante, á hora de facer unha crítica literaria. Quixera deixar claro por riba de todo, que non é a súa linguaxe o que me marabilla, que o feito de engadir ese libro ás coordenadas do meu amor non nace da posibilidade que me ofrece de rachar coa miña soidade lingüística, senón que se adhire ó corazón mesmo do meu ánimo pola beleza do imaxinario que expresa, porque explica un mundo que podo facer meu. Porque debuxa con palabras as coordenadas dun mundo que, máis que facelo meu, é tamén o meu.

Estudialo imaxinario dese libro, si houbera quen quixera facelo, daría para unha tese, pero non é o caso, e compre abreviar. O poemario ten dúas partes: Pólder e Amaranto.

O pólder é un terreo pantanoso gañado ó mar, o terreo que as gañas de vida do ser humano vencen ó imposible, ou si se quere, o tempo gañado á morte, as lembranzas roubadas o esquecemento, a liberdade conquistada á dictadura das estatísticas. Nada nos ven caído do ceo, agás a choiva.

O terreo do pólder é un terreo basto, salgado, baldío, e leva unha tarefa de anos, si se quere adicar ó cultivo. Esixe un gran esforzo cotián, e moito desalento, non quitarlle ollo á auga, cavar con agarimo as canles, de xeito que a choiva poida voltar ó mar o sal que queima a terra, coidalo con agarimo sabendo que aínda non dará froito algún. O pólder é un proxecto de futuro. Mais presente.

O pólder atópase na fronteira, mellor dito, é o linde. Alí nace o mar, a escuridade, ter que abandoalo máis preto, a conciencia de non pisala terra cos pes, o medo de afundirse, a sombra alongada da morte. E alí empeza, á outra beira, a certeza dunha terra máis afable, a tranquilidade dunha vida máis cómoda, a terra dos que pensan que a paz é a ausencia de bombas.

Pero nun pólder as cousas son moi distintas, e voules a ler un anacodo poema "Azken lurra" (Última terra), para que entendan cales son os medos que axexan ós habitantes do pólder:

Geure burua beste etsairik onesten ez duen lurra
Jendea batera bizitzen maitasun froga beraren hegian
Minutu berean lurmutur berean
Gure maitetasunak ez daki

Ez daki hegan
Ez da kalatxori
Darabiltzan orratzak bestela imanduak dagoz
Itsasgorak ekarriko ez dizkigun iheslariak
Itsasbeheran utziko ez dugun edertasuna
Hau da agin ziezaguketen azken zerua
Ez dago inor ebakuatzerik
Hildakoak ohean direla abandonatu ditugu etxeak
Hipermerkatuetako aparkalekuak dauzkagu elkar maitatzeko
Hegazkinak teilapeak eta itoak estu amarratuta
Zu ez zaitut abandonatuko
Azken ordutan ez da bonbarik lehertu baina ez da heldu bakea

Unha terra que se recoñece inimiga de si mesma
A xente convive á beira da mesma proba do amor
No mesmo minuto no mesmo cabo
O noso cariño non sabe
Non sabe voar
Non é gaivota
Imanados os compases que leva
Exiliados que non devoltará a preamar
O fermoso que non abandonaremos á baixamar
Este é o derradeiro paraíso que nos poderían ofrecer
Non é posible evacuar a ninguén
Abandonámoslos fogares deixando os mortos enriba dos leitos
Para amármonos temos os aparcamentos dos hipermercados
Avións cornisas e afogados fortemente amarrados
Non te abandonarei
Nas derradeiras horas non estallou ningunha bomba pero a paz segue sen chegar.

Imposible evacuar a ninguén, abandonamos os fogares deixando os mortos enriba dos leitos. A vida cotiá no pólder, a mesma contra a que petou a gamela de Maiakovski, é unha guerra. A vida cotiá é unha guerra para quen sabe que toda verba que se pronuncie ten as súas raíces. E unha raíz necesita terra, necesita auga, si arela medrar forte e san. Pero que ninguén se trabuque, as raíces son básicas, non para que as verbas poidan vivir, senón para que a xente viva. Para que a xente poida sentir, poida saber, poida decir que é o cariño (maitetasuna). Para que se poidan sentir parte dunha comunidade, e non únicos habitantes dunha incomunidade.

Pero xa que falamos do imaxinario, atrevémonos co seguinte exercicio. Imaxinen o amor sen empregar palabra algunha, sen dicir quérote. ¿Que imaxen elixirían para representalo? ¿Un bico? ¿Unha aperta? Doado de máis, típico. ¿Unha parella paseando da man? Como si dous que non se levan da man non puideran amarse. Díganllo senón o preso que aprende a tocar dende detrás do cristal.

Lonxe dos tópicos, o cariño convírtese nun asunto totalmente persoal, e non colle nos arquivos do celuloide do século XX. Só un mesmo lle pode poñer unha imaxe o seu amor. E coido que é por iso que a xente escribe. Cando menos eu o fago por iso. Escribo para amosar que amo, e para que me amen. Tamén para que me aborrezan, pero sen dicilo xa queda dito, que a xenreira só é outro xeito de amar. Na opinión do escritor John Berger, o aveso de amar non é diar, senón desprezar.

O amor é un sentimento que se vai definindo nesa guerra cotiá, é variable. Ás veces o meu amor é un barco na procura de peirao, e outras veces, un peirao que procura á mar.

¿E seica o peirao no é un pólder por antonomasia? O peirao é unha fronteira: non é mar, pero tampouco é terra, e sen chegar a ser terra, non é mar. Sen selo mundo, agarda ó mundo, e é o mundo aínda cando non amarra ningún barco. Un paradoxo, dirán, e así é. Un paradoxo, tan grande como expoñela imaxe con palabras, tan fermosa como desplegar a imaxe en palabras.

Non dago Basques' Harbour

Galdetzen badut
Ez da mapa bat ekar diezadazun

Non dago Basques' Harbour
Galdetzen badut
Ez da galdu egin naizelako

Non dago Basques' Harbour
Galdetzen badut
Ez nabil portu bila

Non dago Basques' Harbour
Galdetzen badut
Zinez mintzo naiz baina

Non dago Basques' Harbour
Galdetzen badut
Ez dut erantzunik behar
Non dago Basques' Harbour
Galdetzen badut
Ez baitut galdera bat egiten
Galdetzen badut
Non dago Basques' Harbour
Non dago Basques' Harbour

Si pregunto onde está
Basques' Harbour
non é para que me traías un mapa

Si pregunto onde está
Basques' Harbour
non é que me perdera

Si pregunto onde está
Basques' Harbour
non vou na procura de peirao

Si pregunto onde está
Basques' Harbour
falo de veras mais
Si pregunto onde está
Basques' Harbour
non necesito resposta
Porque si pregunto
Onde está Basques' Harbour
non fago unha pregunta
Si pregunto
Onde está Basques' Harbour
Onde está Basques' harbour

Malia ser un paradoxo, acláranos moitas cousas, o paradoxo pon en evidencia as contradiccións, e ó mesmo tempo, a necesidade delas. Non somos de cartón, estamos feitos de ósos, carne e tempo, imos mudando, somos poliédricos. Vivimos moreas de paradoxos, e un dos máis importantes é non velos. Non ver por exemplo, como se menosprezan, como se xulgan con argumentos nada literarios as mellores obras, as valiosas obras poéticas, posuidoras dun imaxinario extraordinario, que amosan outros xeitos de estarmos no mundo. Non sei en cantas antoloxías figura este libro de Koldo Izagirre, Non dago Basques' Harbour (Onde está Basques' Harbour), pero si en cantas non figura.

O rapaz abraído no porto escoita as verbas que malia seren estranxeiras no lle son alleas, é o

mundo quen amarra no peirao, o carbón, o ferro, o peixe, a xente, o mundo. Ó rapaz ábrensellelos ollos, faise home entre os mariñeiros de todo o mundo. E aprendeu que, á contra do lugar de orixe, a patria se elixe. Permítanme lerlles catro coplas de "Portukoplak" (Coplas Portuarias).

Aitortzen dizut portua dela
Nire aberri bakarra
Aitortzen dizut portua dela
Nire aberri bakarra
Hantxe daukat nik lastre handian
Oroitzapenen gabarra

Baforearen tximinietan
Ez da izozten elurrik
Baforearen tximinietan
Ez da izozten elurrik
Portu batean jaioak ez du
Bide berrien beldurrik

Munduak ongi daki naizela
Euskaldun seme jatorra
Munduak ongi daki naizela
Euskaldun seme jatorra
Txipreko ontzi baten banderaz
Egina daukat atorra

Zazpi bandera zazpi mintzaje
Nire aberri bakarra
Zazpi itsaso zazpi zohardi
Nire aberri nabarra
Portuak beti digu amore
Kaian urtzen da aparra

Confeso que é o porto
A miña única patria
Confeso que é o porto
A miña única patria
Alí está fondeada
A gabarra das miñas lembranzas

Na cheminea do vapor
Non xea a neve
Na cheminea do vapor
Non xea a neve
Quen naceu no porto
Non teme ós camiños

Ben sabe o mundo que son
Nobre fillo do meu país
Ben sabe o mundo que son
Nobre fillo do meu país
Fixen unha camisa
Da bandeira do barco chipriota

Sete bandeiras sete falas
A miña única patria
Sete mares sete ceos
A miña patria clara
No porto sempre nos acolle
Nel morre a resaca

Jose Luis Otamendi quere terra para a súa dor, para o seu maitetasuna (amor, cariño). Sitúa os desexos e imposibles na vida cotiá, amosa unha terra á dor, ó choque cotián entre o desexo de vivir e a imposibilidade de facelo.

Koldo Izagirre ponlle un porto á terra, para que non sala, e para o mundo chegue á terra. Dinos que estando eiqui estamos en tódalas partes.

As pedras de Iñigo Aranbarri, pola contra, son pedras que andan, pedras alleas á opresión do lique. A do canto rodado é unha idea que aparece de xeito ben distinto en cada lingua. É o rolling stone dos ingleses. E afouzado por esa idea, o escritor decide sair e viaxar. Quere velo mundo, buscar o seu maitetasuna (amor) noutra parte, concibir outra condición de vasco. E voltar cambiado ó seu pobo natal. E escribiu un abraiante libro, Harrien lauhazka. É un poema un pouco longo, e de seguro xa vos empezo a fartar, pero non podó continuar sen lelo. A existencia deste tipo de poemas fai menos aborrecida a nosa índole de euskaldunas. "Nire eskualtasunaz bi hitz":

Ni ez naiz Astiz kapitaina
Nigatik harrotu badituzue ere etxe guztiak errudun xerka
Ni ez naiz Harguindeguy jenerala
Nigatik ekarri badituzue ere hizpidera
munduko deserriratuak
Nire eskuek ez dute pikanarik oratu
Nire begiek ez dute irteteko agindurik eman
Ez dute aginterik, ez dute zuzentzaren iparririk
Eta sinetsidazue, ez diot aberriari atzerik eman nahi
Baina ez naiz Harguindeguy atxiloketa patrullak
Buenos Airesko etorbide hutsetara bidaltzen
Zaldi aldarraien belaze behinola
Astiz zuena da Harguindeguy jenerala zuena da
Hamaika aldiz kontatu badiet neuk ere maite ditudanei
Badela neuri ere etxean kontatu bezala neuri ere
Gorde bezala eskuz esku ahopean babes emandako
Lurralde eder bat itsasoaz bestalde
Inoiz nahi dugunean ahal dugunean
Urrats lasaituz itzultzeko inoiz
Hil edo bizirik ostera ere gozo
Ezti jasoko gaituen lurralde ttiki bat
Baina ez esan zuetar bat naizenik, galdua betirako
Nire aberriak ez du itsas gainean irristatzen den
hegazkinik
Esan ahoz aho hegazkinik ez izateagatik galdu ditugula
Beti galdu beharrekoak hamaika euzkadi eder
Nire aberriak ez du Mekanika Eskolarik armadarentzat
Ez du atxiloketa agindurik ez du argindar kablerik
Nire aberria traidore da, ihesi dabil
Ez du Belgrano 1144ko euskal etxean atsedunik hartzen
Urteak dira ez naizela aberkideen mahaietara eseri
Horregatik, ez esan ni ere Harguindeguy izan naitekeenik
Nire aberria urpean bizi da, ez daki igeri
Hogei milatik gora dago nire aberritik lehorra
Arrotz ditudan milaka aberkide ditudanak arrotz
Valeryren itsas hilarrietarik habitatuena
Izan ginenaren itzal, inoiz izanbakoaren geriza
Etorkizuneko umekiak ozeanoetan azalera ezin
Alferrik da, nire begiek ez dute itsasargirik biltzen
Eta aberkide arrotzak ditut lagun erorian
Horrela da, nire aberriak zailak ditu koordinadak
Horra gure lurraldearen argazkirik gozoena hemen
Urak ez dira gozoak beltz dira

Gauez botatzen gaituzte beti
Iluntasuna dardarka jartzen duen
helikoptero hegalean hotsa
Eta uren astintze urduria gero, oihuak
Norbaiten birao bat
Marrazoen itzalak eta isiltasuna
Ez nazazue zuen biktima zerrendetan oroitu
Ez dut eskualdun izan nahi Astiz zen eskualduna
Harguindeguy jenerala zen eskualduna
Segi ezazue euren bila arren
Haiek ez dira gorrotoaren etxaldeetan bizi
Ez itzazue inoiz ere zeuen memoriatik egotz

"Duas verbas sobre a miña condición de vasco":

Non son o capitán Astiz
Por moito que tiñades rexistrados os fogares por min na procura de culpables
Non son o xeneral Harguindeguy
Por moito que tiñades falado
dos exiliados do mundo
As miñas mans xamáis asiron unha aguillada
Os meus ollos xamáis deron orde de sair
Non teñen o poder, non teñen coñecemento do deber
E crédeme, non quero rexeitala miña patria
Mais non son un Harguindeguy enviando tropas de arresto
Ás avenidas baleiras de Bos Aires
Anos hai pradeiras de cabalos
Astiz é voso o xeneral Harguindeguy é voso
Por moito que eu tamén contara un milleiro de veces ós meus seres queridos
Que existe como tamén me contaron na casa
Como segredo de man en amo e en voz baixa
Unha fermosa terra protexida á outra beira do mar
Para regresármonos cando queramos cando poidamos
Co paso confiado
Un pequeno país nos recollerá docemente
Cheguemos vivos ou mortos
Mais non digades que son un dos vosos, sería a perdición
A miña patria non ten hidroavións
Dicir de boca en boca que por non ter avións perdemos
O que perdemos sempre tantas euzkadis fermosas
A miña patria non ten unha Escola de Mecánica para a armada
Non ten ordes de detención non ten fios eléctricos
A miña patria é traidora, anda huindo
Non colle folgos no fogar vasco do 1144 de Belgano
Hai anos que non comparto mesa cos meus compatriotas
Por iso, non digades que eu tamén podería ser Harguindeguy
A miña patria vive baixo a auga, non sabe andar
A terra está a vinte mil por enriba da miña patria
Estraños mil compatriotas que me son estraños
No camposanto mariño máis habitado do Valery
A sombra do que fomos, a sombra do que xamais fomos
Os rapaces do futuro non chegan á superficie do océano
É baldío, os meus ollos non teñen faro
E os meus estraños compatriotas son o amigo caído
Así é, a miña patria ten difíciles coordenadas
Esta é unha das mellores fotos do noso país
As augas non son doces son negras
Sempre nos botan de noite
O son das helices faime tremer
A escuridade
E logo o tenso trepidar da auga, os berros

Algún aldraxe
A sombra dos tabeiróns e o silencio
Non me lembredes nas vosas listas de vítimas
Non quero ser vasco Astiz era vasco
O xeneral Harguindeguy era vasco
Continuala súa busca, suplícovolo
Eles non viven nos barrios da xenreira
Xamais os expulsedes da vosa lembranza

Iñigo Aranbarri pide para el outra condición, pero tamén para os demais. Fainos entrega das coordenadas da súa patria, para que o lector decida si as coordenadas da súa patria son parellas ás do escritor. Pero son, sen dúbida, as coordenadas do amor, amósanos o mundo que ama e que aborrece, incluído o medo, a sospeita, a conciencia aflixida de selos últimos.

A poesía vasca é un canto que roda, e os tres escritores que hoxe citei son exemplo, tres libros, tres realidades poéticas. Tres realidades poéticas, tres ricos imaxinarios, nas coordenadas dun único amor.

Pero non é ouro todo o que loce, e unha vez chegados ata eiqui, non quixera marchar sen darlles novas dunha das miñas dúbidas máis obsesivas.

Nos poemas eiquí citados, e xa sen falar nos tres libros, o lector atopara verbas que non entende. É normal, pensará alguén, e si, é normal. Pero que demostra, se hai algo que demostrar.

Cando Falamos de literatura, tamén falamos da lingua, non hai outra. O imaxinario aliméntase das raíces de cada verba. Como llo diría. Eu escoitaba decir na casa maitetasuna (amor, cariño), e non maitasuna (amor, cariño). Son semellantes, e ó longo do tempo cheguei a entender que son dúas verbas que explican un mesmo sentimento, e aínda así, as súas raíces son distintas, e distintos tamén son os imaxinarios que alentan. Por exemplo, eu non diría xamais maitetasuna egin (facelo amor), e si, non embargante, maitasuna egin (facelo amor).

Cada vez estou máis convencido: os sinónimos non existen. Cada verba que se pronuncia ten as súas raíces, os seus matices, e esa é a súa razón de ser. Se puiderámoslos trocar, se os sinónimos existiran, sempre empregariámola mesma verba. Pero non ocorre. Aquel emprega maitetasuna (amor), este decántase por maitasuna (amor), e aquel outro amodioa (amor). Cada cal a súa raíz, a súa tradición, e cando un elixe unha verba elixe unha tradición, e cando un escolle unha tradición, escolle todo un imaxinario, todo un mundo.

Repítese ata o fastío que o euskara é unha lingua moi antiga, de orixe descoñecido, e que ese é o noso tesouro, o noso maior patrimonio. E certo é, pero no é o máis sobranceiro.

O importante é isto: a unificación da lingua (euskara batua) celébrase en 1968, polo que o euskara que hoxe empregamos non cumpre nin 40 anos. ¿Que son 40 anos para unha lingua? Este euskara é un neonato, e como todos os neonatos, compre coidalos e alimentalos, se se quere formar para a vida.

Por iso, ó tratalo tema do noso imaxinario, o primeiro debería ser atendela estética da lingua, como sentimos cada verba, que nos di e que non, para que nos serve, e, iso, señores e señoras, non sei ata onde se fai. Non entendo porque toda a xente que tanto ama o euskara non sinte máis o euskara. Coido que máis cedo que tarde chegará o día no que verei como se soterraron nos dicionarios as verbas que eu digo, e entón, da miña soidade lingüística farei unha bandeira, e sentirei que son o único habitante dunha incomunidade.

E só eu entenderei os nomes entregados á terra, á auga e á pedra. Témome.

Grazas a todos.

NOTAS

1. Sen amor, nada ten sentido.

(Traducido do vasco por Iratxe Retolaza, José Luís Padrón e Xoan Alonso).